

CONVENIO DE COLABORACION IGAPE-USC EN BASE AO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANALISE DO IMPACTO DA AUTOMATIZACION NA ECONOMIA GALEGA

MEMORIA

O obxecto xeral do presente Convenio entre IGAPE e USC é a realización de determinadas actuacións durante o ano 2020, para dar resposta aos obxectivos establecidos no protocolo asinado entre o IGAPE e a USC en setembro de 2018. Estas actuacións concrétanse nas seguintes propostas:

- **Estudo das posibilidades de automatización nos sectores e subsectores económicos de Galicia, o que incluírá mesas de diálogo cos sectores sociais e económicos de Galicia.**
- **Elaboración do informe económico e xurídico que analice as políticas e o estado normativo actual dos sectores e subsectores afectados pola automatización, que conteña propostas de actuación dende o punto de vista económico e normativo autonómico e nacional co fin de minimizar os efectos negativos e potenciar os positivos fronte ao impacto da automatización na economía galega.**
- **Desenvolvemento de actividades de difusión das accións anteriores, no ámbito empresarial, das administracións de Galicia e na comunidade científica vinculadas ás tecnoloxías disruptivas.**

O Proxecto ANÁLISE E SEGUIMIENTO DO IMPACTO DA AUTOMATIZACIÓN NA ECONOMÍA GALEGA que desenvolve este CONVENIO enmárcase dentro das previsións establecidas polo PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA (IGAPE) E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ANÁLISE E SEGUIMIENTO DO IMPACTO DA AUTOMATIZACIÓN NA ECONOMÍA GALEGA, subscrito o 11 de setembro de 2018.

Segundo establece a cláusula terceira do protocolo de colaboración, “O IGAPE e a USC poderán subscribir adendas a este protocolo de colaboración para o desenvolvemento e execución de actuacións específicas, de interese común, sempre que contén co visto bo da Comisión de Seguimento establecida na cláusula seguinte”. As adendas, ao ter contido económico, deben ter a fórmula de convenios de colaboración. A Comisión de seguimento, reunida o pasado xoves, 21 de novembro, dou o visto e prace ao presente convenio.

As partes están interesadas en consolidar as bases establecidas polo PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA (IGAPE) E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ANÁLISE E SEGUIMIENTO DO IMPACTO DA AUTOMATIZACIÓN NA ECONOMÍA GALEGA, que ten como obxectivo minimizar as consecuencias negativas da automatización e potenciar ou promover os efectos positivos nos ámbitos nos que máis poida favorecer á economía galega.